



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA



Serie segregación ocupacional

Parte I: Segregación ocupacional por razón de xénero

Co financiamento de:



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PROMOCIÓN DO
EMPREGO E IGUALDADE



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL

SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE

Serie segregación ocupacional

Parte I: Segregación ocupacional por razón de xénero

Esta expresión refírese á representación de mulleres e homes nas distintas ocupacións laborais: ocupan distintos cargos e traballan en sectores diferentes.

Esta diferenciación impide ás persoas desenvolverse laboral ou profesionalmente en actividades non atribuíbles socialmente ao seu sexo/xénero.

O artigo 1.a) do *Convenio número 111 da Organización Internacional do Traballo relativo á discriminación en materia de emprego e ocupación* de 1958 define a discriminación como:

“Calquera distinción, exclusión ou preferencia realizada en base á raza, cor, sexo, relixión, opinión política, nacionalidade ou orixe social, que ten o efecto de anular ou prexudicar a igualdade de oportunidades e tratamento no emprego ou ocupación”.

Para a Organización Internacional do Traballo (OIT):

“Discriminar no emprego e a ocupación é tratar ás persoas de forma diferente e menos favorable debido a determinadas características como o sexo, a cor da pel, a súa relixión, ideas políticas ou orixe social, con independencia dos requirimentos do traballo”.

Polo tanto, a OIT considera a **segregación ocupacional** como unha proba de desigualdade, que inclúe estratificación social en canto ao poder, as cualificacións e as ganancias; é dicir, é a asignación das tarefas laborais estereotipadas.

Nos *Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio*, convido por todas as nacións do mundo, ponse de manifesto a necesidade de axudar ás persoas máis pobres, así como conseguir sociedades máis xustas e seguras.

Neste sentido queremos destacar explicitamente o Obxectivo 3:

“Promover a igualdade entre os xéneros e o apoderamento da muller. A igualdade entre os xéneros é un dereito humano e é esencial para a consecución dos obxectivos de desenvolvemento do Milenio. Trátase dun requisito indispensable para superar a fame, a pobreza e as enfermidades. Igualdade entre os xéneros implica igualdade en todos os niveis da educación e en todos os ámbitos de traballo, o control equitativo dos recursos e unha representación igual na vida pública e política. (...)”

“Con demasiada frecuencia as mulleres son relegadas a postos mal pagos e que non brindan seguridade. Aínda que aumentou a porcentaxe de mulleres que ocupan empregos remunerados nos sectores non agrícolas, en moitas rexións seguen representando unha pequena minoría dos traballadores asalariados, cunha representación excesiva no sector informal.”

Pode dicirse, polo tanto, que a **segregación ocupacional** é un fenómeno que afecta o mercado de traballo de calquera territorio e que, a pesar das distintas medidas postas en marcha para erradicala (normativa específica, formación, información, sensibilización...), segue sendo a causa de importantes desigualdades no ámbito laboral.

A quen afecta?

Principalmente, ao colectivo feminino, que se concentra en ocupacións con menor estabilidade laboral, menos recoñecemento social e menores retribucións.

Como se manifesta?

Pódese manifestar de dúas formas diferentes:

☐ Segregación horizontal:

Os traballos “*para homes*” están ocupados por eles e os traballos “*para mulleres*”, están ocupados por elas (servizos comunais e sociais, servizos de secretariado e administrativos, servizos educativos, de saúde, de asistencia social e de coidados, entre outros).

☐ Segregación vertical:

Cando homes e mulleres tenden a ocupar categorías diferentes dentro dun mesmo traballo (cargos de dirección, coordinación de áreas, altos mandos e subordinados), onde eles ocupan, polo xeral, xerarquías máis altas e con mellores salarios.

Na segunda parte desta serie profundaremos en cada unha delas.